**COMUNICADO AOS MEDIOS CO ROGO DA SÚA DIFUSIÓN**

# O BNG solicita ao alcalde que solucione o problema coa empresa responsable do ascensor para minusválidos do Colexio Rosalía de Castro

No día de hoxe tivemos coñecemento de que o servizo de ascensor para minusválidos do Colexio Rosalía de Castro de Xinzo corre risco de desaparecer xa que o Concello, que é o encargado de sufragar os gastos de mantemento anual do mesmo, leva sen aboar as cuotas correspondentes do contrato coa empresa responsable (Zardoya Otis, S.A.) todo o ano 2007 e o que vai de 2008. A empresa xa comunicou desde a súa central en Madrid que, se o Concello non se pon ao día nos pagos pendentes, deixarán de atender ao seu mantemento e terán que dar traslado a Industria para que proceda a precintar o aparato.

No Consello Escolar existe inquietude e dirixíronse ao Concello ao respecto, xa que deste ascensor se benefician varios alumnos minusválidos, e tamén aqueles que teñen algunha lesión, co cal o feito de suprimilo impediríalles, ou no mellor dos casos dificultaríalles, asistir ás clases.

Descoñecemos se se trata dun simple problema administrativo ou é que a pésima situación económica do Concello tocou fondo e xa non se poden nin atender os servizos máis básicos. En calquera caso dende o BNG de Xinzo amosamos a nosa preocupación pola situación e emprazamos ao noso rexedor, Isaac Vila, a que solucione o problema o máis axiña posible para que as nenas e nenos non sufran as consecuencias.

Amador Díaz Penín
Portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello de Xinzo da Limia

Xinzo da Limia | 02-04-2008

Máis información en: **www.bng-xinzo.org**